

BOLETÍN UVIGO/HUMANA

21

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Cooperación.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:+Info direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NAÇÕES UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. **[+Info](#)**

AXENDA

XANEIRO

Recrutar voluntarios para os axentes de cambio

L	M	MÉ	X	V	S	D
			1	2	3	4 Día Mundial do Braille
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24 Día Interna- cional da Educación	25
26	27 Día Internacio- nal de Conme- moración anual das víti- mas do holo- causto	28	29	30	31	

CHAVES DESTE NÚMERO

Premios aos mellores TFG e TFM con temáticas relacionadas coa Axenda 2030

Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento dos traballos de fin de grao e mestrado oficial que se distinguen por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social. En total son 18 os galardóns outorgados. [+Info](#)

Recrutando voluntariado para o programa Axentes do Cambio

Este mes de xaneiro, como en anteriores ocasións, estamos a recrutar estudantes voluntariados e voluntarias para o programa “Axentes do Cambio”

As persoas voluntarias difundirán entre a comunidade universitaria os valores de solidariedade e sostibilidade e os contidos da Axenda 2030, a folia de ruta adoptada por 193

países a favor das persoas, o planeta e a prosperidade.

Este programa é para ti se:

- Tes un compromiso claro e sincero co desenvolvemento sostible.

- Tes interese en poñer en práctica as súas habilidades creativas e comunicativas.

- Gústache o traballo en equipo.

- Queres coñecer a Axenda 2030 e os seus ODS.




Contacta con nós e comentáremosche o programa con máis detalle.

Animámate a ser un/unha Axente do Cambio!. [+Info](#)

EVENTOS

Exposición 'Compartir é Vivir'

Este é o título dunha exposición que ata o 31 de xaneiro de 2025 estará exposta nos exteriores do Edificio de Ferro do campus de Ourense. Nela, reivindícase o papel das mulleres artistas e dáse visibilidade á loita contra a violencia de xénero. A mostra agrupa obras de creación pensadas para o espazo público urbano que teñen sido realizadas por 15 artistas de seis países. [+Info](#)



Exposición 'Retratos da paisaxe'

A Sala Alterarte, o espazo expositivo do campus de Ourense, acolle a exposición *Retratos da paisaxe*, do artista Enrique Ortiz e comisariada por Xosé Poldras. Ata o 17 de xaneiro de 2025 as persoas interesadas poden achegarse ao pavillón I universitario para ver unha selección de 14 gravados deste pintor e gravador nacido en Ourense. [+Info](#)

Exposición 'Do final e do comezo 2024'



A sala de exposicións do Pazo da Cultura acolle unha nova edición de Do final e do comezo, a mostra que cada ano reúne unha selección dos proxectos artísticos desenvolvidos polos novos titulados e titulados e tituladas en Belas Artes como parte dos seus traballos de fin de grao. Comisariada por María Gar e coordinada por Vaciocero, a exposición reúne as creacións de 28 egresados e egresadas e poderá visitarse ata o 12 de xaneiro.

A exposición pode visitarse de martes a venres de 18.00 a 21.00 horas; os sábados de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 horas, e os domingos de 12.00 a 14.00 horas. [+Info](#)

PROGRAMAS

Ponte ao Día!

Dentro do programa Somos Ponte -que desenvolve en colaboración coa Deputación de Pontevedra- impulsa *Ponte ao Día!*: un xogo dixital para comprobar canto sabes sobre cooperación ao desenvolvemento e sobre os países do Sur Global.

Ponte ao Día! é algo así como unha pequena volta ao mundo da man da cooperación a través de cinco preguntas, tres respostas posibles e unha explicación ao respecto en cada partida.



Ademais, ofrece información sobre cooperación descentralizada a través da experiencia da Deputación de Pontevedra, xa que algunhas das preguntas deste trivial teñen que ver con proxectos financiados pola subvención para cooperación que convoca anualmente a institución provincial. Deste modo, ademais de xogar e aprender un montón de cousas diversas, poderás ver en que se materializa o lema “Compromiso local, xustiza global” que acompaña a Somos Ponte. [+Info](#)

Formación para o profesorado sobre educación y ciudadanía global



O Globo desenvolve unha nova edición da Formación Homologable pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, destinada a profesorado.

Esta formación, de 20 horas, está composta por 12 horas presenciais, na EGAP de Compostela (o 11 de xaneiro de 2025 e o 7 de marzo de 2025) e por 8 horas de traballo autónomo co alumnado.

Os obxectivos da formación son:

- Adquirir coñecementos teóricos-prácticos sobre a Educación para a Cidadanía Global e a Axenda 2030.
- Coñecer a metodoloxía propia de O Globo (Luces-Cámara-Acción).

Utilizar a metodoloxía de O Globo como estratexia didáctica na aula. A inscrición, que é de balde, formalízase a través dun formulario [dispoñible aquí](#).

FORMACIÓN

XV Curso de Especialización en Comunicación para o Cambio Social

O Curso de Especialización en Comunicación para o Cambio Social “Comunicar para o Cambio” é unha proposta formativa cunha traxectoria de 15 anos de experiencia. Procura achegar a comunicación para o cambio social a todas as persoas que teñan interese nesta rama. Conta con 12 sesións teórico-prácticas lideradas por profesionais do sector que traballan temáticas como: o discurso do odio por razón de raza, xénero e/ou orientación sexual, o tratamento das migracións en medios e redes e a divulgación e activismo ambiental; e cun módulo práctico posterior en terreo ao que poden acceder as dúas persoas que mellores traballos presenten durante o ciclo.



XV Curso de especialización en comunicación para o cambio social

do 11/02 ao 09/04

tódolos martes e un mércores cada 15 días de 15-19h

na FACOM da UMIGO (Pontevedra)

accion.social@agareso.org

AGARESO Universidade de Vigo XUNTA DE GALICIA

Unha vez finaliza a formación, a Universidade de Vigo facilita certificado ou créditos. Agareso, pola súa parte, ofrece a dúas persoas unha beca para realizar un módulo práctico en terreo. Toda a información está dispoñible [clikando aquí](#)

VOLUNTARIADO

Embaixadores da UVigo

Programa destinado a estudantes da Universidade de Vigo para dar apoio as actividades organizadas pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade destinadas ao estudantado preuniversitario e ao estudantado matriculado na Uvigo. [+Info](#)

A Xunta pon en marcha grupos de voluntariado lingüístico para impulsar o galego entre a mocidade

O secretario xeral da Lingua, Valentín García, e a directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, presentaron o programa de voluntariado lingüístico Queres falar? destinado a promover o uso do galego entre a mocidade a través de conversas entre galegofalantes habituais e persoas que queiran mellorar a súas habilidades no idioma ou incorporalo de novo á súa fala.



Tal e como explicou o responsable de Lingua da Xunta, esta iniciativa forma parte do plan de medidas elaborado ao abeiro do Pacto pola Lingua que o Goberno autonómico está a desenvolver coa implicación dos grupos parlamentarios e distintas institucións para incentivar a presenza social do idioma.

Neste sentido, Valentín García reiterou que “a mocidade é un dos grupos de poboación

principais nos que baseamos o plan de accións que temos en marcha para fomentar o uso da lingua”, ao que engadiu que “esta é unha boa mostra do traballo transversal entre distintos departamentos, tanto dentro da Consellería como con outras áreas da Xunta, a prol da lingua”. [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Amigas da Terra Galicia

O camiño de Amigas dá Terra en Galicia comeza no 1997, pola iniciativa de Xulio López en Ourense. O traballo constante na elaboración de proxectos reais que implicaran á cidadanía no medio ambiente, fixo que a asociación fose crescendo e abríndose a posibilidades de contar con máis persoal contratado e voluntarios tanto locais como europeos que participan nas actividades da asociación, baixo dous eixos principais de actuación, por unha banda reivindicativa e de activismo e por outra de sensibilización e educación ambiental.



As súas principais áreas de traballo están encamiñadas a concienciar e sensibilizar a sociedade para un Desenvolvemento Sostible e de loita contra as problemáticas ambientais do cambio climático, a destrución forestal, o perigo dos transxénicos e os residuos domésticos.

Para iso desenvolve actividades, programas e proxectos de concienciación

social, denuncia pública, educación ambiental, actividades de rexeneración ambiental e demostrativas de solucións para a sustentabilidade.

A solidariedade é tamén una das nosas áreas de traballo prioritario, polo que contamos cunha sección de cooperación internacional e proxectos xa en execución en latinoamérica xunto con comunidades e organizacións de base para a consecución de alternativas viables de desenvolvemento sostible na rexión. Igualmente participamos en multitude de proxectos e iniciativas de tipo social.

Para o seu traballo é fundamental o voluntariado, contando cun significativo número destas persoas que, cun grao moi variable de dispoñibilidade e implicación, entregan parte do seu tempo para a asociación. Neste momento contamos cun proxecto de acollida e envío de voluntarios dentro do Servizo Voluntario Europeo do que se benefician cada ano bo número de mozos e mozas. [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Máis de 450 estudantes espallan o espírito UVigo polo mundo [+Info](#)

A UVigo volve confiar en Luis Davila para reivindicar o uso do galego [+Info](#)

A UVigo mantense na franxa 801-1000 das mellores universidades do mundo segundo o ránking Times Higher Education 2025 [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)